



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ven de formalizar coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 30.05.2025 ata o 16.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro para acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 16.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Os investimentos a realizar coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto acometer unha serie de melloras nos seguintes apartados:

1º) Melloras nas instalacións da sede da federación dirixidas en primeiro lugar á mellora da seguridade laboral coa optimización na instalación eléctrica/rede da sede da Federación Galega de Confrarías. Instalación dun armario *rack* para cuadro eléctrico en zona oficinas, evitando así riscos eléctricos ao persoal e usuarios da sede. E, en segundo lugar, a instalación de paneis translúcidos mellorados no teito da federación a fin de





mellorar a iluminación natural da zona de oficinas, como medida de aforro enerxético e impermeabilización das zonas.

2º) Melloras nos equipamentos da federación mediante a adquisición do seguinte equipamento para a súa sede social dada a inexistencia do mesmo e dado que a versatilidade destas unidades facilitaríaa conectividade coas diferentes confrarías, o traballo administrativo e o uso nas aulas de formación que a federación ten a disposición para as confrarías de pescadores:

a) Equipamento informático para mellorar as reunións *on line*: *tablets*.

b) Mobiliario de oficina diverso: cadeiras para a mellora da ergonomía laboral no posto de traballo para o persoal, nas zonas de despacho e zona de traballadores.

c) Unha máquina fotocopiadora para a mellora da xestión administrativa.

d) Dotación dunha pantalla táctil intelixente para a aula.

3º) Finalmente, buscará a mellora da promoción das confrarías de pescadores coa realización de accións formativas e divulgativas dirixidas ás confrarías e aos seus membros, consistente nun curso de informática de intelixencia artificial: IA novas aplicacións, chat GPT. A intelixencia artificial é o futuro na xestión das entidades. Preténdese actualizar os coñecementos e aproveitar as posibilidades que a informática permite hoxe en día profundizando nas funcións das aplicacións de IA e, mais en profundidade do Chat GPT. Preténdese unha formación *on line* de 20 horas de duración que facilite a aprendizaxe do persoal e directivos das confrarías de pescadores galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
(asinado dixitalmente)

